



# O cruzamento cubano

## Description



**En Cuba saben que tras case 50 anos de revolución os cambios están preto. A figura de Fidel é fundamental e sen ela o devir político da grande das Antillas está a chegar a un cruzamento de camiños. Saben tamén que hai dúas cousas que non van acontecer cando o verde oliveira abandone o terreal para mudar en mito. Nin o sistema vai implosionar como a URSS, co desmoronamento da estrutura política dun día para outro, nin vai haber un desembarco do modelo de vida ianqui na illa. Serán eles, os cubanos, os que escollerán o camiño a seguir. (Foto: Raúl Castro na cerimonia en Camagüei de celebración do 54 aniversario do frustrado asalto ao Cuartel Moncada, o 26 de xullo de 1953).**

Logo dun ano enteiro orfa do verde oliveira do comandante en xefe, a sociedade cubana semella afeita xa á situación e poucos esperaban a súa reaparición pública o día 26. Digan o que digan, para o cubano medio Fidel está por riba dun sistema que na rúa é moito máis criticado no eido económico que no político ou social. Mesmo entre a disidencia “a da illa, non a de Miami”, formada disque por máis de 300 grupos, as opcións de cambio pasan case sempre polo socialismo, con graos varios de apertura financeira, e poucos cuestionan un sistema que cando menos garante unhas necesidades básicas inexistentes para a maioría da xente en América Latina e o Caribe.

A confusión, mágoa incluso, creada pola doenza do comandante foi substituída pola lenta espera, porque o cubano sabe esperar, espera sempre, e logo pola tranquilidade de teren acceso coma nunca aos pensamentos da alma da revolución. Fidel escribe agora moi a miúdo no Granma e dalgún xeito isto fixo que o pobo se sinta máis achegado a el que cando dirixía o país.

No entanto, en Cuba saben que tras case 50 anos de revolución os cambios están preto. A figura de Fidel é fundamental e que sen ela o devir político da grande das Antillas está a chegar a un cruzamento de camiños. Saben tamén que hai dúas cousas que non van acontecer cando o verde oliveira abandone o terreal para mudar en mito. Nin o sistema vai implosionar como a URSS, co desmoronamento da estrutura política dun día para outro, nin vai haber un desembarco do modelo de vida ianqui na illa. Serán eles, os cubanos, os que escollerán o camiño a seguir e están seguros que calquera intento de toma de poder dende Miami sería respostado, mesmo pola disidencia máis fera, coa volta á serra da poboación enteira.

Mais o cruzamento está aí, con dúas opcións que teñen en China e Venezuela os seus modelos. O camiño chinés consistiría nunha lenta deriva cara o ultracapitalismo e a desigualdade, de aí que non son poucos os fillos da revolución que se esforzan en desacreditar o exemplo chinés e en explicar que a potencia oriental non é, hoxe, un modelo comunista. E logo está Venezuela, a alternativa bolivariana, o socialismo ese do século XXI que aínda está por construír. É por isto que os herdeiros de Moncada din que hoxe a revolución cubana estase a xogar nas rúas de Caracas.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

Latinoamérica ARQUIVO

### ETIQUETAS

Cuba

### IDIOMA

Galego

### Date Created

Xullo 26, 2007

### Meta Fields

**Autoria :** 10478

**Data publicación :** 2007-07-26 00:00:00